

A NOSA TERRA

CELSO EMÍLIO FERREIRO



COMUN TEMOS A PATRIA

P
T
C




ARQUIVOS DA UPG

terra e tempo

No. 8 SANTIAGO DE COMPOSTELA 1967

DOCUMENTACION POLITICA

A UPG estivo presente, dun xeito pleno e activo, na campaña de abstención no Referéndum de Ingreso no Mercado Común, e ten que telas por fortes as consecuencias. Dado que en determinada publicación da oposición hespañola foron reproducidos tódolos manifestos dos grupos e partidos demócratas con excepción do noso, consideramos oportuno publicar a nosa declaración oficial da UPG que, oportunamente, foi resallada en todo o país no Nº 5 de DESUNCIA.

LABREGOS, OBREIROS E MARIÑEIROS NON VOTAR!
PROGRESISTAS E DEMOCRATAS: NON VOTAR!
VIVA GALICIA CEIBE!

O xeneral Franco ten dado a coñecer unha chamada "LEY ORGANICA DEL ESTADO" que se pretende que sexa referendada polo pobo hespañol. Tódolos medios de difusión do estado fascista poderosa en marcha pra lograr que o Referéndum sexa un plebiscito de adhesión ó Ditador.

Esto é o que nós, a UPG e tódolos galegos conscientes, debemos tratar de evitar, aínda sabendo que o Réxime pon en marcha a súa fabulosa maquinaria propagandística pra conquerir, por medios limpos ou sucios, que o resultado sexña SI. E o único medio, si non pra evitar, sí pra tratar de evitar a consecución da farsa, é a ABSTENCION.


O pobo galego non debe votar SI ó Referéndum porque a Lei Orgánica:

1º) Confirma o estado centralista e colonialista que non recoñece nin o idioma nin a autodeterminación da nosa nacionalidade galega.


2º) Confirma os "Principios Fundamentales del Movimiento" que definen ó estado como confesional, corporativo e de partido único.


3º) Si é certo que introduce no "Fuero del Trabajo" algunhas modificacións que beneficiarán ó mundo laboral, estas reformas non se conceden de graña, garánsanas os traballadores a pulso e heroicamente na súa loita contra o capitalismo. En efecto, a Ley, aparte de suprimir algunhas declaracións retóricas que avergoñan hoxe ós seus autores de 1938 (alusións ó Imperio, á Totalitarismo, á Revolución Nacional-Sindicalista, é deber que o traballador ten de tributar "fidelidad y subordinación" ó empresario), suprime a declaración do "Fuero" que calificaba a folga como delito de lesa patria, pero non recoñece o dereito á greve e á folga. Tampouco abandona o concepto de Sindicato Vertical, pero non recoñece a libertade de sindicación. Suprime o requisito de que os cargos do sindicato pertenezan á Falange, pero non acepta que pertenezan a calquera outro partido.

4º) Modifica a composición das Cortes, cuios procuradores eran designados hastra hoxe, directa ou indirectamente, polo propio Ditadeo, e introduce o principio de electividade. De xeito que na próxima lexislatura unha parte dos procuradores será elexida. Pero non serán elexidos por todo o pobo, senón polos pais de familia (que sempre terán unha tendencia máis conservadora) e os can-









CELSO COMO RECLAMO: A F DA FORMA NA PROPAGANDA

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Recomézase a falar hoxe, no 89, de deseño e ética, de sobrepasar a forma como espectáculo e comprendela como parte das relacións entre as persoas e as cousas. Fálase, con presa, da función civil do deseño tal se o mundo escoase definitivamente para a autofáxia sobre-productiva de chafarises efímeros. Para a esquerda europea, para teóricos como Martim Kelm, da RDA, cómprelle, ao deseño, un fundamento filosófico-moral.


Trátase, xa que logo, de posicións críticas verbo do critério único de eficácia —critério performático que os neofuncionalistas quererian converter en dominante—, posicións que aunan á definición de deseño como proxectación coerente cos sistemas de producción industrial en candansua fase científico-técnica, o seu valor comunicativo-simbólico e como activador da cultura nacional.


Estas nocións que agora veño de sintetizar albíscanse, xa, na propaganda política galega desde as suas orixes, nos grandes criadores literários, plásticos, orgánicos agrupados na UPG que fixeran entrar ao nacionalismo na loita de clases e que deprenden cos millores —Luis Seoane, Díaz Pardo— que a forma é unha linguaxe e que, como toda linguaxe, tén território, tén Pátria. Recollendo o exemplo doutras xeracións na história da Galicia, souberon respostar á necesidade de ser vangarda.

Na súa vertente aplicada en Comunicación falamos da Forma como conclusións da combinatória dunha série de elementos gráficos múltiples —alfabetos, imaxes, cor, signos, espácio—, materiais que imbricados con determinadas técnicas de realización teñen por albo situárense por entre a cultura do receptor e conseguer que o receptor deixe pasar a Forma, que é conseguer que a identifique, que a memorice, que lle goste, que sexa parte dos seus afectos. Un dos ámetos no que a Forma como linguaxe arrisca máis, obrigando ao maior cuidado, será, pois, na propaganda política clandestina, nas propostas que buscan aderentes. E neste senso Celso Emílio Ferreiro foi exemplar como o foi na precisión conxuntural da sua producción literária.

Comprendeu, sempre, Celso a relación entre materiais, realización, contexto de recepción e desexo. Soupo, porque xa nolo ensinaran os Constructivistas, da importáncia de traballar cos "médios a bordo" (**nunca virá de fóra remédio ou esperanza,** dinos no verso), utilizando o material de acordo coas suas propriedades, sob un princípio de composición global e de correspondéncia entre deseño e función do obxecto —bonos, carteis axitativos, libros disconformes, publicacións partidárias— e da importáncia da Forma na modelización da Cultura ambiental e na transformación de atitudes e de opinións; da importáncia da Forma neste caso para perfilar a Imaxe do nacionalismo como diferente, actual, forte, permeábel. A sua preocupación coido que se plasmou, despois, na propaganda que eu própria decidia e coordenaba en Porto —historieta-acordeón de Xan Casabella, edición das **Bases Constitucionais** deseñada por Pacheco, cartel do

CELSO COMPRENDEU A RELACIÓN ENTRE MATERIAIS, REALIZACIÓN, CONTEXTO DE RECEPCIÓN E DESEXO Á HORA DO DESEÑO DA PROPAGANDA





Durante a estada de Celso en Caracas editáronse vários números de *Terra e Tempo*, diversos bonos de axuda, que o próprio Celso Emílio deseñaba, coa axuda doutros artistas galegos residentes en Venezuela. Nestas páxinas tamén se pode ver a capa que deseñou para *Cimenterio privado* e a que definitivamente se editou.

UNCIÓN POLÍTICA

mitin conxunto ETA-PSAN(p)-UPG da autoría de Armando Álves—, nas pezas preciosas, made in Pepe Barro, para a campaña de legalización da UPG-ANPG e para a identificación da Asamblea, ou na serie de Perfecto A. Estévez para a Frente Cultural.

Celso e os coetános de Celso foron, sen dúbida, prototipo de artista-organizador, de quen se enfronta aos acomodatícios, aos que todo o arranxan —tal como dixera Tretiakov dos 'pasadistas' colando embaixo do pucho de San Xurxo a cabeza dun garda roxo ou metendo poemas *communards* en cancións de taberna.

Na propaganda editada por Celso en Venezuela ou nas recomendacións que lle facia a outros agrupamentos, sobrancea a constáncia en pós da criación da Imaxe do movimento político e da unidade compositiva das suas edicións, o que hoxe chamariamos 'libro de estilo gráfico' para todo o que se transmita sobre soporte papel.

Un anagrama, que é parte de seu do noso acervo sígnico-simbólico, estabeleceu con grande rapidez a identificación da UPG e a sua incorporación visual ao entorno: é a **espiral**, con todas as variantes morfolóxicas posíbeis, do petroglifo ao carimbo, tal e como se nos amosa na **Avinza de loita,** co fundo, co contexto humán-territorial criado por Seoane ou por Arturo Souto. Remarcábel, asimesmo, a escolla da palabra **Avinza** entroque de **Axuda**, polo seu contido de pacto libre, de compromiso, de inter-acción.

Nos membretes da correspondéncia, en cada cousa propagandística, nos muros, nunca falla a espiral e todas dábannos folgos. Mesmo cando apareceu algunha variante xeométrica, achinada, apúñamosllo á intención de influir co **Libro Roxo** de Mao na definición dun programa nacional-popular. (ver TT, núm. 8, 1967).

É precisamente neste **Terra e Tempo** que se edita en Venezuela onde se manifestan nos seus primórdios certas constantes compositivas que definirán, en diante, o modelo de publicación: texto a duas colunas, coa variante de ancho de caixa só para recadros editoriais e para as consignas, ou de coluna falsa para as entradiñas; unificación da fórmula de titulación: centrados, maiúsculas, letra sen remates en trazo negro ou médio, a comén do texto... e tendéncia unificadora, tamén, para as sinaturas e para a ilustración na sua función de axuste, de peche da coluna de texto.

En carta ás Edicións Roi Xordo de Xenebra, no 73, Celso sistematiza a sua preocupación formal e a integración de todas as brancas significativas no proceso xeral de produción. Como imos ver seguido, nengun aspecto ficará sen precisar. Na carta pontualízase unha série de recomendacións para a publicación da sua obra **Cimentério Privado**

> Gustaríame que a cuberta ou tapa do libro fose negra, co nome do autor e o título en contratipo, é decir, en branco, como tamén debe ser do mesmo xeito a ilustración que leve (...)

O cimentério como icono —icono hoxe traspapelado da referéncia ao franquismo— é fixe en Celso cando a referéncia sexa 'Al Cesar Enano', (ed. El Caballo del Diablo, recopilación de **Stow Kiwotto Lumen,** un dos camuflaxes trans-continentais do Celso) e o seu acólito, o censor-funerário, ten bombin e ollo branco que devén do sobexo de cio, (**Poemas Proibidos**, Caracas, 72).

Cuestións xerais de diagramación, lexibilidade e tipografia concrétaas asi: cada poema irá en cadansua páxina, os títulos en negra, letra 'de tipo claro e corpo 8', a cita de Quevedo e as notas ao pé en letra máis miuda. Á fin, luindo no real das condicións de producción e de distribución, engade:

> As erratas de imprenta son cáseque inevitábeis, pro gustaríame que levase as menos posíbeles. Leede e releede as probas (...) Iste libro foi refugado pola censura, pro na realidá non contén nada que poida considerarse *subversivo directo.* Coísto quero decir que será de distribución doada en Galicia, tendo ademais en conta que a venda de libros non está tan vixiada (...)

Custións como Imaxe de marca, Logo que identifique e se poida aplicar a diferentes obxectos, o prestíxio da localización de Autores para o movimento revolucionário, o simbólico e máis o funcional están na obra propagandística que saiu sob a responsabildiade criativa e persoal de Celso: as consignas suas eran precisas porque te conmovian, os seus signos traian un decurso anónimo de história que agroma, a pegada gráfica non será confundida porque subverteu o cotián tanto coma os reclamos dos Constructivistas.

Eu coñecin persoalmente a Celso nunha festa-encobrimento, onde nos axuntabamos, por mor do bautizo druídico, a monte aberto, de Iria Gala, a filla de Nemésio Barxa, en Chaodarcas coido que no 71. Celso Emílio tocou o pandeiro nunha caixa de galletas (e cos 'médios a bordo'), Bautista Álvarez recitou o meu poema 'ad hoc' porque a min dábame vergoña, Ferrin saira habia pouco de El Dueso, os meus introdutores eran Manuel María e Saleta, Totora (Vitoria Armesto) colleume o queixo, chamoume 'brujilla' e comentou para todos que non coidaba que puidera porme a traballar en "La Voz de Galicia" porque tiña, dixo, pouca influéncia.

Nunca máis vin a Celso. Pero recoñézoo en cada papel que alén editou para todos nós.■

É NO *TERRA E TEMPO* QUE SE EDITA EN VENEZUELA ONDE SE MANIFESTAN AS FUTURAS CONSTANTES COMPOSITIVAS QUE DEFINIRÁN, EN DIANTE, O MODELO DA PUBLICACIÓN